



CONVENIO DA SUBVENCIÓN EXCEPCIONAL OUTORGADA POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO Á SOCIEDADE MICOLÓXICA LUCUS CO OBXECTO DE COLABORAR NA PUBLICACIÓN NATURALISTA E MEDIOAMBIENTAL MICOLUCUS NÚMERO 3, ANO 2016.

En Lugo, a            de            de 2016

## INTERVEÑEN

Dunha parte, don Dario Campos Conde, Presidente da Excma. Deputación Provincial de Lugo, con C.I.F. P-2700000I e sé social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, e no seu nome *don Álvaro Santos Ramos*, Vicepresidente en representación da Excma. Deputación Provincial de Lugo en virtude de delegación de sinatura aprobada por resolución de data 01-07-2016 (Decreto número 1357/2016).

E doutra *don Julián Alonso Díaz* con N.I.F. 10065335Y na súa condición de presidente, actúa en nome e representación da Sociedade Micolóxica Lucus, en adiante Entidade beneficiaria, con C.I.F. G27272954 e con sé social en Casa das Asociacións, local 0, Parque da Milagrosa en Lugo, con poderes suficientes para a celebración deste acto.

Ante *don Manuel Castiñeira Castiñeira*, que actúa como Secretario da Deputación Provincial de Lugo en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes recoñécense mutuamente a capacidade xurídica necesaria para a formalización do presente convenio de subvención excepcional aceptándose reciprocamente as representacións en cuxa virtude actúan, de común acordo,

## MANIFESTAN

Primeiro: Que no Plan Estratéxico de subvencións da Deputación de Lugo para o ano 2015, aprobado polo Pleno do Organismo Provincial con data 30 de decembro de 2014 e ampliado no tempo (prorrogado) durante a anualidade 2016, mediante acordo de Xunta de Goberno de data 15 de xullo de 2016 que ratifica a resolución da presidencia de data 05 de xullo de 2016, se prevé na súa liña 9.1 titulada “Medio Ambiente” a concesión de subvencións que encaixen dentro da competencia das Deputacións Provinciais na protección e mellora do medio ambiente. A través desta liña preténdese apoiar e exercer un efecto multiplicador sobre a iniciativa económica da provincia a través dos recursos que a Deputación destina do seu orzamento a esa finalidade.

Segundo: Que a Presidencia da Deputación mediante Decreto de data            de            de 2016, prestou aprobación á subvención de 3.000,00 € a conceder á Sociedade Micolóxica Lucus co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da Publicación naturalista e medioambiental Micolucus nº 3, no ano 2016, podéndose atopar incluída nos obxectivos xerais da Liña 9.1 do plan estratéxico de subvencións para o ano 2015, prorrogado para o ano 2016 por acordo da Xunta de Goberno de 15 de xullo de 2016.

Terceiro: Que existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte ás obrigas económicas derivadas da subscripción do presente convenio na aplicación orzamentaria 172048911 do vixente orzamento provincial, polo importe de 3.000,00 €.

E con base en tales antecedentes ambas as dúas partes consideran oportuno establecer un convenio con arranxo ás seguintes:



## CLÁUSULAS:

### **Primeira.-** Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Entidade beneficiaria e a Deputación de Lugo coa finalidade de que o Organismo Provincial subvencione a esta Entidade beneficiaria cunha axuda económica que lle permita financiar os gastos derivados da Publicación naturalista e medioambiental Micolucus nº 3, no ano 2016.

### **Segunda.-** Competencia na que se fundamenta a actuación subvencionada.

Esta subvención como técnica de intervención administrativa, forma parte da actividade de fomento e ten por obxecto promover a realización dunha actuación de interese público, que entra dentro do ámbito das competencias atribuídas á Deputación de Lugo.

Segundo o establecido no artigo 36.1 LBRL, son competencias propias da Deputación as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas, nos diferentes sectores da acción pública e en todo caso, entre outras a que se menciona no apartado d) do dito artigo, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincial.

### **Terceira.-** Orzamento de execución da actuación subvencionada, e gastos subvencionables.

O orzamento total, inicialmente previsto, de execución da actuación ascende á cantidade total de 4.585,00 €, de acordo co presuposto achegado coa solicitude que obra no expediente.

A contratación de persoal para o desenvolvemento do devandito proxecto non implica relación laboral algunha entre estes traballadores e a Deputación, polo que non se poderá esixir a esta responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos feitos acaecidos durante o desenvolvemento do proxecto obxecto do presente convenio.

Considéranse gastos subvencionables os gastos que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro da anualidade 2016.

Para os efectos do disposto no artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención. O gasto realizado debe acreditarse coa presentación das facturas e /ou xustificantes de gasto oportunos, sendo necesario que o mesmo se atope pagado e que se acredite o seu pagamento.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

### **Cuarta.-** Achegas e compromisos das partes

Para a consecución do obxecto do presente convenio, as partes subscribintes conveñen no seguinte réxime de achegas e compromisos.



## A. A Entidade beneficiaria comprométese a

Á realización da actuación subvencionada e ao pagamento de cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar o cumprimento das actividades a desenvolver en virtude do presente convenio, así como a obtención de todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución serán por conta de Entidade beneficiaria.

A Entidade beneficiaria deberá atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e respecto da Seguridade Social. A devandita circunstancia deberá acreditarse á sinatura do convenio e ao efectuarse os pagos e, en xeral, ao longo de toda a vixencia do mesmo ata a súa total liquidación e extinción.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade subvencionada, a Entidade beneficiaria incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitarlos ao Gabinete de Comunicación do Ente Provincial.

A Entidade beneficiaria deberá comparecer, por medio dos seus representantes legais ou persoa na que deleguen, á presentación institucional que se organice pola Deputación no Pazo Provincial ou de xeito descentralizado, á cal será convidada a intervir en cantos actos públicos se celebren con posterioridade.

A Entidade beneficiaria autoriza, coa sinatura do presente convenio, á Deputación Provincial de Lugo a comunicar e difundir polos medios ou canles que considere axeitado, a actividade subvencionada, e a súa condición de financiadora.

O incumprimento destas condicións será causa de perda da axuda concedida por incumprimento das obrigas do beneficiario, de conformidade co sinalado nos artigos 14, 18.4 e concordantes da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

## B. A Excma. Deputación Provincial de Lugo comprométese a:

Subvencionar a actividade cunha cantidade de 3.000,00 €.

A cantidade sinalada anteriormente non é un importe certo, fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que a lo menos, o 20 % da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.

En caso de incumprimento do previsto no parágrafo anterior, procederase á redución da parte proporcional da achega económica provincial.

En ningún caso o importe da subvención concedida poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados supere o custo total da actividade subvencionada.

Non se aboará a subvención se o beneficiario non está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

### **Quinta.-** Subcontratación da actuación subvencionada

O beneficiario poderá subcontratar con terceiros ata o 100 por cento do importe da actividade subvencionada. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que aumentando o custo da actividade subvencionada, non aporten valor engadido ao contido da mesma.

A realización da actividade subvencionada será obriga persoal do beneficiario sen outras excepcións que as establecidas no presente convenio e dentro dos límites da LXS e RLXS.



No caso de que a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención e dito importe sexa superior a 60.000,00 €, a subcontratación estará sometida aos requisitos previstos no artigo 29.3 da LXS ( que o contrato se celebre por escrito e que o mesmo sexa autorizado previamente pola entidade concedente da subvención, Deputación de Lugo).

Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a contía do mesmo e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no apartado anterior.

A subcontratación da actividade subvencionada non poderá ser concertada con persoas ou entidades nas que concorran algunha das seguintes circunstancias:

1. Que estean incursas nalgunha das prohibicións establecidas na lei Xeral de Subvencións.
2. Que haxan percibido outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
3. Que sexan intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custo total da operación, a menos que dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou os servizos prestados.
4. Que estean vinculadas co beneficiario
5. Que sexan solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa e que non haxa obtido subvención por non reunir os requisitos ou non alcanzar a valoración suficiente.

No caso de que a entidade subcontratada estea vinculada co beneficiario deberá cumprirse o seguinte:

- a) Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.
- b) Que se obteña a previa autorización da Deputación de Lugo.

De conformidade co establecido no artigo 14 da LXS, apartado 1, a) o beneficiario será responsable do cumprimento do obxectivo, de executar o proxecto, de realizar a actividade ou de adoptar o comportamento que fundamenta a concesión desta subvención.

Os contratistas quedarán obrigados só ante o beneficiario, quen asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración (art 29.5 da LXS).

**Sexta.-** Control económico, supervisión, seguimento e inspección da actividade subvencionada.

O control económico, supervisión, seguimento e inspección da actividade subvencionada será realizado de acordo co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o seu regulamento e na Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo e nas bases do orzamento xeral vixentes.

**Sétima.-** Promoción da actuación subvencionada

A Entidade beneficiaria deberá facer constar expresamente que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo en todas aquelas actuacións e en calquera tipo de soporte, que se deriven da execución do presente convenio, de acordo co establecido no artigo 31 do regulamento da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.



De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o beneficiario desta subvención deberá cumprir o requisito de facer en galego, en calquera soporte, as campañas publicitarias e de promoción de actividades (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actividades deportivas, festivais, campionatos, etc.) nas que dalgún xeito colabore esta Deputación Provincial.

## Oitava.- Xustificación e aboamento das subvencións

Unha vez finalizada a actividade, acción ou comportamento, a Entidade beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade da actividade subvencionada. O incumprimento do prazo dará lugar á perda do dereito a percibir a subvención outorgada e no caso de ter solicitado anticipo, ao reintegro da cantidade aboada en concepto de anticipo así como as demais responsabilidades previstas na Lei Xeral de Subvencións e demais normativa de aplicación.

A xustificación da subvención realizarase de acordo co disposto no art. 30 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (Título I, Capítulo IV), no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o seu regulamento (Título II, Capítulo II, art. 69 e s.s.), na Ordenanza Xeral de subvencións da Excma. Deputación Provincial e do INLUDES (arts. 19 e s.s.), e na Base 24 das do orzamento xeral vixente.

A xustificación da subvención realizarase mediante a achega, por parte da Entidade beneficiaria, da seguinte documentación xustificativa:

- Solicitud debidamente cumprimentada.
- Memoria da actividade xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos, debidamente asinada pola persoa responsable.
- Memoria económica xustificativa do custo da actividade subvencionada, que conterá:
  - Declaración do custo total da actividade subvencionada, indicando os importes do financiamento.
  - Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento.
  - Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación á que fai referencia o parágrafo anterior achegándoas, como mínimo, polo importe da subvención concedida. Os documentos acreditativos dos gastos que se acompañen terán que ser orixinais e poderán ser devoltos á Entidade beneficiaria, beneficiaria da subvención, se así o solicita, unha vez estampilladas polo órgano xestor.
  - Declaración responsable na que se indique e xustifique a causa das desviacións, que de ser o caso, acaeceran entre o presuposto estimado e o gasto efectivamente xustificado.
  - Acreditación do pagamento das facturas ou documentos anteriores: O pagamento das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes do remate do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 7 da Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude, non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional cun importe igual ou superior a 2.500,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira. A efectos do cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.2 da Lei 10/2010, de 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e



do financiamento do terrorismo, isto é, o papel moeda e a moeda metálica, nacionais ou estranxeiros; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concibido para ser utilizado como medio de pago ao portador

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se pague en efectivo deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo en data \_\_\_\_\_” asinada polo receptor con identificación do mesmo (N.I.F. e nome e apelidos).

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade, acción ou comportamento obxecto da subvención foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.

Declaración responsable na que se faga constar que a Entidade beneficiaria non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable na que o beneficiario da subvención poña de manifesto que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias ou fronte á seguridade social.

Declaración responsable de que o beneficiario asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e que este extremo, se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste a conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

O abono da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada pola Entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu abono no caso de que a Entidade beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e/ou fronte á Seguridade Social e/ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

#### **Novena.-** Publicidade das subvencións outorgadas

Segundo a normativa vixente e en concreto de acordo co establecido no artigo 30 do regulamento da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión desta subvención terá que ser publicada, incluíndo nome ou razón social do beneficiario, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida. No caso de subvencións plurianuais, importe total concedido e distribución de anualidades.

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvención de Galicia, o beneficiario poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando conorra algunha das causas previstas na letra d do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.

Así mesmo se informa ao beneficiario desta subvención da existencia do Rexistro Público de Subvencións que pode ser consultado na seguinte dirección: <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index> e da posibilidade de que poda



facer valer os extremos previstos no artigo 5 da lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, “Dereito de información na recollida de datos”.

Esta subvención reflíctese no Rexistro Público de Subvencións coa seguinte descrición:

EPÍGRAFE	CÓDIGO	DESCRICIÓN
OBXECTO	3	Cobertura de custes o do déficit
TIPO DE SUBVENCIÓN	1	Subvenciones non cualificables como axudas de Estado a empresa
SECTOR ECONÓMICO	94.9	Outras actividades asociativas
FINALIDADE	18	Outras actuacións de carácter económico
IMPACTO DE XÉNERO	2	Nulo. Cando non existindo desigualdades de partida en relación á igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres y homes, no se prevea modificación algunha desta situación
INSTRUMENTO DE AXUDA	SUBV	Subvención e entrega dineraria sen contraprestación

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: [http://www.deputacionlugo.org/portal\\_localweb\\_ag/p\\_20\\_contenedor1.jsp?seccion=s\\_fdes\\_d4\\_v1.jsp&tipo=6](http://www.deputacionlugo.org/portal_localweb_ag/p_20_contenedor1.jsp?seccion=s_fdes_d4_v1.jsp&tipo=6).

**Décima.-** Vixencia do Convenio.

O presente convenio se perfecciona pola prestación do consentimento das partes.

A vixencia do convenio será ata o 31 de decembro de 2017, comezará no momento da súa sinatura, con efectos económicos dende o día 01 de xaneiro de 2016, aínda que en calquera momento e antes da finalización deste prazo os asinantes poderán acordar unanimemente a prórroga do convenio, por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

O anterior é sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera haber lugar, e das obrigas que como contratante incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo unánime entre as partes, mediante a subscrición da addenda de modificación respectiva.

**Undécima.-** Prazos de xustificación.

Unha vez finalizada a acción ou comportamento os concellos beneficiarios das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado e en todo caso, como máximo o día 31 de marzo de 2017. Logo de transcorrer o prazo sen ter presentada a documentación xustificativa, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa achegada. O incumprimento deste prazo adicional dará lugar á perda do dereito a percibir a axuda outorgada e demais responsabilidades previstas na Lei Xeral de Subvencións e demais normativa de aplicación.

Cando concorra causa de resolución do convenio e existan actuacións en curso de execución, tales como a tramitación necesaria para a aprobación da conta xustificativa achegada polo beneficiario e para o aboamento do importe da subvención, mediante a subscrición deste convenio, as partes asinantes, acordan a continuación e finalización das devanditas actuacións en curso, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, dun



ano, salvo casos excepcionais que deberán ser debidamente motivados, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

**Duodécima.**- Carácter do convenio.

De acordo co establecido no artigo 48.7 da lei 40/2015, de 01 de outubro, LRXSP este convenio cumpre co disposto na lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O presente convenio ten carácter administrativo, e rexeráse ademais de polo disposto no mesmo, polas normas de Dereito Administrativo que directamente ou por analogía puidesen resultar de aplicación. En particular, resulta aplicable o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo, nas Bases de Execución do Orzamento Xeral da Excm. Deputación Provincial de Lugo vixentes, e no plan estratéxico de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo para a anualidade 2015, prorrogado para o ano 2016 por acordo da Xunta de Goberno de 15 de xullo de 2016.

A xurisdición contencioso – administrativa será a competente para resolver todas as cuestións litixiosas que poidan xurdir.

Procurarase a sinatura electrónica deste convenio, procedendo neste caso a aplicación do artigo 46 da lei 40/2015, de 01 de outubro, LRXSP, no que se refire ao arquivo electrónico de documentos.

En proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan para este só efecto e por triplicado, no mesmo lugar e data anteriormente indicado.

O Presidente,  
P.D. Decreto nº 1357/2016, de data 01-07-2016  
O Vicepresidente,

O PRESIDENTE DA SOCIEDADE  
MICOLÓXICA LUCUS

Álvaro Santos Ramos

Julián Alonso Díaz

O SECRETARIO XERAL

Manuel Castiñeira Castiñeira